

A FORZA DO NOSO AMOR NON PODE SER INÚTIL

NO 17-M Preto de 50.000 persoas maniféstanse en Santiago na cuarta marcha contra o decreto de Feijóo

"Só en galego, Galiza ten futuro"

Reclámanlle á Xunta que "cumpra coa súa obriga de usar, defender e promover a lingua"

Vanesa Oliveira - Santiago

Preto de 50.000 persoas - 100.000 segundo os organizadores- ategaron onte as rúas de Compostela na cuarta manifestación convocada pola plataforma Queremos Galego - e apoiada polos principais partidos da oposición, BNG e PSdeG, ademais de colectivos como a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)- contra o decreto de Feijóo.

"Este é un bo lugar -berraaba Xosé Lois O Carabouzo no Obradoiro, punto final da marcha- para dicir que o galego ten futuro, aínda que Feijóo non o queira oír". Esa foi a mensaxe tamén do manifesto que leron a seis voces Iria Taibo, Uxía Senlle, Xabier P. Docampo, Marta Dacosta, Antonio Durán 'Morris' e Carlos Blanco no que lle reclamaron aos responsables políticos que "cumbran coa súa obriga de usar, defender e promover a lingua que nos une aos galegos. Só en galego, Galiza ten futuro!"

A manifestación, que se puxo en marcha pasadas as doce da mañá dende a Alameda compostelá ao ritmo dos tambores, estaba encabezada pola pancarta de Queremos Galego (co lema tomado de Novoneyra: 'O galego, a forza do noso amor'), que sostían o portavoz da plataforma, Carlos Ca-

llón; o secretario xeral da CIG, Suso Seoane; o deputado nacionalista Breito Lobeira; e a coordinadora nacional de EU-JU, Iolanda Díaz.

Nas seguintes liñas, situouse o portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, acompañado de destacados membros da organización frontista, como o voceiro no Congreso, Francisco Jorquera, Francisco Rodríguez; ou os parlamentarios Fernando Blanco, Carme Adán, Teresa Taboas e Ana Pontón.

Seguíalle o secretario xeral do PSdeG, Manuel 'Pachi' Vázquez, xunto ao presidente da Fegamp, Carlos Fernández; a voceira socialista, Mar Barcón; o presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro; ou os voceiros de Educación e Lingua, Guillermo Meijón e Francisco Cerviño. Entre

Iria Taibo, Uxía Senlle, Xabier P. Docampo, 'Morris' Marta Dacosta e Carlos Blanco leron o manifesto

outros colectivos chegados de toda Galicia como STEG ou os Comités e outras organizacións xuvenís e estudiantís, tamén participou o sindicato CIG-Ensin, liderada polo seu secretario nacional, Anxo Louzao tras unha pancarta que reclamaba 'Paremos o decretazo contra o galego'. Entre os manifestantes, puidéronse ver rostros coñecidos como o de Rafael Cufiña, militan-

te do PPdeG e fillo do falecido Xosé Cufiña, ou o histórico galeguista Camilo Nogueira.

En declaracións aos medios ao comezo da manifestación, Callón dixo que existe "un 20 % de alfabetos funcionais en galego", o cal evidencia, ao seu ver, a necesidade de fomentar a lingua. Por iso, reclámoulle á Xunta que "escoite a voz da sociedade" e inicie medidas que potencien a lingua propia "historicamente desfavorecida" para garantir "a igualdade real" co castelán.

"O Consello Consultivo di que é ilegal e inconstitucional"

Ademais, o tamén presidente da Mesa pola Normalización Lingüística subliñou que informes xurídicos como o ditame do Consello Consultivo indican que o decreto do plurilinguismo que pretende aprobar o Executivo galego é "ilegal e inconstitucional".

A manifestación desenvolveuse nun ambiente festivo no que non faltou o ritmo dos tambores, das pandeiretas e mesmo das gaitas nin pancartas e consignas monemáticas como 'En Galiza, en galego', 'As aulas da Galiza en galego', 'Pola nosa lingua, mn un paso atrás' ou 'Mamá eu quero galego'. Entre as curiosidades, paseáronse entre os manifestantes unha 'Galiña azul' -en referencia ao cambio de nome das Galescolas-, un cabezudo de Castelao, unha 'radio' con lingua e mesmo un toxo.


Un palco recibía os manifestantes no Obradoiro. Alí incluso houbo algúns turistas que se uniron á mobilización. Para iso, os 'animado-



A pancarta máis vista. 'Eu amo o ensino en galego'



A manifestación ategou a praza do Obradoiro de Compostela. Logo dun percorrido pr...



A radio con lingua pertencía ás Radios Municipais Galegas



A Galiña Azul 'sobrevotou' as rúas compostelas

REACCIÓNS

PP: "É unha festa da exaltación da imposición"

PPdeG, despois de expresar o seu respecto "profundo" pola manifestación, considerou a través dun comunicado, que se trata dunha "festa de exaltación da imposición, non da liberdade". Os 'populares' contraponen a mobilización de onte coa "maior manifestación" que os levou a gañar nas urnas nas eleccións do 1 de marzo de 2009 cando, "máis de 760.000 persoas dixeran non á ditadura lingüística do bipartito".

O PPdeG reproba na nota o papel do PSdeG por, ao seu ver, "canibizar da man do BNG" e "compartir berriarías cos que teñen mono de imposición". Crítica que os partidos da oposición "só lograron mobilizar

o 1% dos seus votantes" do ano pasado na manifestación, o que interpreta como unha evidencia de que "hai unha maioría social en Galicia de acordo coas teses de liberdade e igualdade para galego e castelán" que propugna Feijóo, e entre os que tamén sitúa "moitos votantes socialistas".

Os 'populares' adxuntan o secretario xeral dos socialistas galegos, Manuel 'Pachi' Vázquez de que a súa estratexia de "manter vivo o bipartito lingüístico non gusta nas súas filas". O texto engade que as súas políticas da oposición "seguen sen entender as mensaxes que lanza unha sociedade da que

cada vez están máis lonxe" e recomendalles que "fagan mellor servizo aos cidadáns se utilízan os seus altifalantes para clamar contra os recortes sociais do Goberno central".

Fronte a iso, subliña que "o galego nunca estará en perigo" cos populares que reclaman que o decreto que preparan estará baseado en conceptos como "liberdade e equilibrio" que non deberían molestalle a ningún, nin sequera o PSOE e BNG. Así mesmo, lamentan o uso de expresións como "alfabeto funcional en galego" para as persoas que non empregan a lingua galega."